

Resolución do 13 de abril de 2023, do tribunal designado pola Resolución do 17 do marzo de 2023 (DOG núm. 61 do 28 de marzo) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 17 de febreiro de 2023 (DOG núm. 41 do 28 de febreiro), pola que se da publicidade a diversos acordos

En sesión que tivo lugar o 13 de abril de 2023 o Tribunal designado pola Resolución do 17 do marzo de 2023 (DOG núm. 61 do 28 de marzo) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 17 de febreiro de 2023 (DOG núm. 41 do 28 de febreiro), de conformidade coas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro. Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 13 de abril de 2023.

Segundo. O primeiro exercicio do proceso selectivo levarase a cabo o día 21 de abril de 2023, no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, situado na Rúa Padre Fernández Olmedo, número 1, 36002 Pontevedra.

As persoas aspirantes entregarán ese mesmo día ao Tribunal un informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.

Este informe médico deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da proba de aptitude física.

Os horarios correspondentes a cada persoa aspirante figuran como Anexo a esta resolución. O chamamento será único para cada persoa aspirante, que deberá presentarse no horario indicado na convocatoria á proba que figura como Anexo a esta resolución.

As persoas convocadas deberán ir provistas de:

1. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
2. 4 imperdibles para suxeitar o dorsal, que lle será facilitado no momento do chamamento.
3. Informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba do proceso e que deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data da proba.

Terceiro. As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas físicas e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

Cuarto. Os exercicios físicos realizaranse pola orde relacionada nas bases e cada un deles é eliminatorio para realizar o seguinte. Na proba de resistencia xeral as persoas aspirantes dispoñen dunha soa posibilidade de execución. Na proba de potencia tren inferior (salto vertical) permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto. As repeticións terán lugar



asegurándose que medien en todo caso entre o primeiro e o segundo intento un descanso mínimo de 5 minutos.

Quinto. A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación da persoa aspirante.

Sexto. Este Tribunal acorda para asegurar a maior precisión dos resultados e seguindo o criterio expresado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que:

Na proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos, as marcas máximas (en minutos, segundos e centésimas esixidas) para a superación da proba son:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos o máis
Homes	4'30"0'''	5'00"0'''	5'15"0'''
Mulleres	5'00"0'''	5'30"0'''	5'45"0'''

Sétimo. Unha vez efectuado o chamamento as persoas aspirantes seguirán en todo momento as indicacións do Tribunal e do persoal colaborador. O incumprimento do cumprimento das ditas instrucións suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso.

Tal e como establecen as bases da convocatoria no punto 5.8, os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro

En A Estrada, 13 de abril de 2023

A Presidenta do Tribunal

Paula Cajaraville Leiro

